

Rosalía Fernández Rial

BONUS TRACK



UNIDADE DIDÁCTICA



ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	5
1. PISTA UN: NIVEL	5
2. PISTA DOUS: METODOLOXÍA	5
3. PISTA TRES: ORGANIZACIÓN XERAL DAS ACTIVIDADES	6
4. PISTA CATRO: ACTIVIDADES INTRODUTORIAS PARA TODA A CLASE	7
5. PISTA CINCO: ACTIVIDADES VINCULADAS A 5 RELATOS	7
5.1 Afouteza punk (p. 9-16)	7
5.2 Só tambor (p. 17-20)	9
5.3 Oe, como vai? (p. 31-36)	11
5.4 Bailando as rúas (p. 81-86)	12
5.5 A máis linda (p. 121-128)	13
6. PISTA SEIS: ESCRIBIR UN RELATO INDIVIDUAL AO MODO BONUS TRACK	15



INTRODUCCIÓN

“Ás veces precísase dar todo por perdido para que algo inesperado te sorprenda.

Pero sempre hai unha posibilidade para a esperanza. Por iso cómpre esgotar as pistas establecidas se queres que apareza o BONUS TRACK”. Así comeza a sinopse deste libro de Rosalía Fernández Rial; agardando o xiro imprevisto, o impulso que te anima a seguir adiante.

Xusto o que se require que aconteza no ensino, especialmente na etapa da secundaria: cando semella que non hai nada que facer, precisas un estímulo inesperado para regresar con forzas ao instituto na xornada seguinte. Pasan as sesións, a rutina semella seguir igual, os conflitos e a desmotivación acumúlanse. Mais, de repente, se logras manter a confianza, agroma, de xeito milagroso, unha redacción, un sorriso, unha transformación, un feito que lle outorga sentido ao día a día. Nesa necesidade de manter a ilusión, da sorpresa precisa, se sitúa esta Unidade Didáctica arredor de Bonus track: un libro e unha proposta para aqueles e aquelas que cren nas derradeiras oportunidades.

A continuación, expoñeremos, pois, a Unidade Didáctica vinculada ao Bonus track. Música dentro. Play.

1. PISTA UN: NIVEL

O primeiro que cómpre advertir é que esta Unidade Didáctica podería aplicarse, con mínimas adaptacións a calquera curso do Ensino Secundario, tanto obrigatorio como non obrigatorio. Aínda así, consideramos que os niveis idóneos para poñela en práctica son 3º, 4º de ESO e 1º e 2º de Bacharelato. Nese senso, o profesorado ha de relacionar as actividades que se propoñen con contidos, procedementos e actitudes tratadas nas aulas de lingua e literatura, como a construción e análise de textos, a escrita creativa ou a educación literaria, con maior ou menor grao de complexidade en función dos cursos aos que se dirixa.

2. PISTA DOUS: METODOLOXÍA

A metodoloxía coa que se levará a cabo a presente Unidade Didáctica enmárcase, en primeira instancia, nun enfoque comunicativo no que ao ensino e aprendizaxe de linguas se refire. Dese xeito, as actividades que se propoñerán a continuación, promoven un uso de todos os recursos expresivos e comprensivos do alumnado, tanto verbais como non verbais, de modo individual e colectivo, en contexto e interacción.

En relación con iso, defendemos unha perspectiva multicultural e plurilingüe, aplicando un Tratamento Integrado das Linguas (TIL). Así, nos contos escollidos para o estudo de cada un dos equipos aparecen, ademais da lingua e literatura galega: no pri-



meiro letras de cancións, poemas e referentes literarios en inglés; no segundo en portugués e literatura de Angola; no terceiro en variedade dialectal, cultural e literaria hispanoamericana e no quinto unha visión internacionalista dunha situación concreta en diferentes partes do planeta, centrando a atención paralelamente en Galicia e Turquía.

Asociada a esa concepción, promovemos unha escola inclusiva e en valores. De feito, a escolla dos relatos realizouse, sobre todo, en función dese aspecto, xa que se tratarán temas transversais como a igualdade entre homes e mulleres, a tolerancia coa diversidade racial e de orientación sexual ou o rexeitamento a calquera forma de maltrato.

Outra característica fundamental da nosa metodoloxía didáctica é que, na liña de *Aulas sen paredes* (2016), libro da mesma autora que *Bonus track*, empregamos a expresión dramática e teatral como ferramenta pedagóxica para o ensino e aprendizaxe de linguas. Este modo de proceder parécenos o máis axeitado para poñer en práctica intercambios comunicativos, lingüísticos e artísticos, equivalentes aos reais e útiles para a vida.

Ademais, situámonos nunha aprendizaxe construtiva, significativa, integral e global na que o alumnado sexa quen protagonice o proceso de coñecemento, baixo a guía do ou da docente.

3. PISTA TRES: ORGANIZACIÓN XERAL DAS ACTIVIDADES

A nosa suxestión é que se formen equipos de catro ou cinco persoas que se especialicen nun dos relatos e afonden nel o máis posible para realizar proxectos que logo poidan compartir cos demais compañeiros e compañeiras da aula. Consideramos que este sistema pode beneficiar unha investigación máis intensa nos diferentes contidos, habilidades e actitudes tratados e que máis tarde se poderán transferir a outros contos deste e outros libros. Asemade, este tipo de organización responsabiliza a cada grupo dun texto, con todos os vínculos e ramificacións inherentes a el, e convérteos en transmisores desa información ao resto da clase. Do seu rigor depende a aprendizaxe que os demais adquiren dese relato. Se todos procedemos correctamente, faremos un estudo significativo do libro, que poderá ampliarse cuantitativamente a outros relatos ou non en función do tempo que o profesorado decida dedicarlle á súa lectura.

En síntese: focalizaremos a nosa atención en cinco relatos de maneira que cada equipo poida desenvolver un traballo parello e paralelo que logo expoña ao resto da aula. A súa sistematización pode servir, tamén, como modelo ao profesorado, por se quere organizar o traballo con outros relatos do *Bonus track*. Así, o procedemento que propoñemos é que o grupo que se especialice en cada conto expoña o seu argumento ante a clase e a súa investigación a continuación guiada mediante preguntas para despois presentar o proxecto que realizou sobre o relato que lle foi asignado. Desá maneira, a responsabilidade será equivalente e todas e todos poderemos aprender conxuntamente os uns e unhas dos outros e outras.

De todas formas, antes de centrarse cada equipo no conto correspondente, propoñemos unhas breves actividades introdutorias para contextualizar o libro e a autora. Asemade, despois de reamatar todos e cada un dos grupos de expoñer os seus traballos, especializados nun dos contos, o alumnado, de xeito individual escribirá un relato tomando os tratados como modelo e elixindo a canción que máis lle guste de entre as escollidas polos equipos.

4. PISTA CATRO: ACTIVIDADES INTRODUTORIAS PARA TODA A CLASE

1. Empeza por visualizar o BOOKTRÁILER do libro:

- a) Que che suxire? De que pensas que vai o libro en función do que acabas de ver?
- b) Realizar un “Booktráiler” supón un diálogo por parte da autora con outros formatos diferentes ao da “escrita”. Investiga sobre a relación do libro e da súa autora con expresións artísticas diferentes á literatura. Como pensas que iso puido influír na construción desta obra?

2. Se les a sinopse de *Bonus track*, que aparece na contraportada do libro, decatáste de que a voz en off do Booktráiler está a reproducir ese mesmo fragmento. Repara, por un momento, nunha das frases que define o conxunto do libro:

*“vinte e dous contos **tecidos** con letras de cancións e derradeiras esperanzas”*

Como ben sabes, a escolla das palabras nunca é gratuíta por parte das autoras. Por iso che suxerimos que:

- a) Investigues sobre a etimoloxía da palabra “TEXTO”: que relación pode gardar a orixe dese termo co seu uso na sinopse?

- b) Botándolle unha ollada xeral aos 22 relatos, como pensas que se insiren as letras das cancións nos relatos? Están ou non integradas na “trama” dos “textos”, no seu “fío” argumental?

3. Se te fixas, o libro ábrese cunha interrogación inicial que actúa de premissa: “E as letras das cancións son ou non literatura?”. Reflexiona e expón a túa opinión, argumentada, sobre esa cuestión.

4. Agora que xa lle demos unha revisión xeral á contraportada e pasamos as páxinas do interior, imos reparar na primeira das lapelas: coñecías á autora do libro? Se te fixas, despois da súa biografía e bibliografía, aparece o seu perfil de Twitter. Séguela! Unha vez que leas algúns dos relatos, poderás facerlle as preguntas que consideres oportunas acerca da súa literatura.

5. PISTA CINCO: ACTIVIDADES VINCULADAS A 5 RELATOS

5.1 AFOUTEZA PUNK (P. 9-16)

PREGUNTAS PARA EXPOÑER O TEMA ANTE O RESTO DA AULA

- a) Despois de ler o relato, anotade e buscade en internet as cancións que aparecen nel. Gústanvos? Que vos suxiren? Intentade comprender o que din as letras. Son ou non poesía?



b) Coñecíades á artista que compón e canta eses temas, Patti Smith? Buscade información sobre ela. Non vos centredes unicamente na súa faceta de música, pois dese xeito descubriredes a súa vertente literaria, de narradora e poeta. Atopastes algún dos libros que escribiu? Son moi recomendables!

c) Que lle aporta o referente de Patti Smith á protagonista do relato, Patricia? Que supón para ela?

d) Como che parece que son os personaxes femininos deste relato?

e) Sabías que Patti Smith foi recoller o premio Nobel de literatura outorgado a Bob Dylan? Houbo moita polémica, precisamente, porque algúns intelectuais dubidaban de se as letras das cancións eran ou non literatura. Consultade a noticia sobre ese acontecemento para dar maior fundamento á vosa opinión sobre ese tema: https://elpais.com/cultura/2016/12/10/actualidad/1481384701_122056.html

Organizade a información derivada destas cuestións iniciais de maneira que poidan serviros como guión cando lles presentedes o proxecto aos compañeiros e compañeiras da aula que non afondaron tanto neste relato. Dese xeito, antes de presentar o voso proxecto podedes sintetizar o argumento do relato que vos tocou, poñerlles aos vossos compañeiros algunhas das cancións que descubristes e falarlles do que aprendestes durante a investigación aquí proposta.

O NOSO PROXECTO ASOCIADO AO CONTO “AFOUTEZA PUNK”

INTRODUCCIÓN

Fíxate no fragmento do conto onde se alude á portada do disco debut de Patti Smith, “Horses”:

“Sen esforzo, Patricia contémplase ante o seu xefe con tirantes, peluxe no bigote e postura andróxina, como a estampa que Robert Mapplethorpe inmortalizou para a portada de Horses. Detense nese fotograma, convertida en manequín ficticio”.

Se reparas na portada do libro *Bonus track*, atoparás unha alusión plástica a esa fotografía, en modo collage. Animámoste a que consultes a auténtica en internet. Que che parece?

Sabías que a compañía discográfica quixo realizar varios retoques a esa imaxe tan natural feita polo artista Mapplethorpe e que Patti Smith se negou? Que opinas desa procura de autenticidade por parte da artista?

PROXECTO

● **I**gual que Patti Smith e o personaxe de Patricia procuraban amosar a súa imaxe máis auténtica, aquela que realmente as definira, sen posar de maneira artificial, suxerímosvos que pensades con calma cal é a postura e estética que máis vos define a vós. Unha vez a teñades, igual que Mapplethorpe fixo coa súa amiga Smith, pedide a un dos compoñentes do voso grupo que vos saque esa fotografía que amose a vosa esencia. Podedes empregar todos os elementos, fondos, vestiarios e xeitos de estar que se vos antollen. O único importante é que vos sintades libres para expresar quen sodes mediante unha única estampa, estática.

- Cando todas e todos teñades as vosas imaxes e esteades satisfeitas e satisfeitos con elas, intercambiádeas. Logo, revisade no relato de *Afouteza Punk* como o relevante para a protagonista, Patricia, era a procura da autenticidade nas súas accións. Quería atoparse a ela mesma, para iso recreaba a imaxe da referente que mellor a definía. Do mesmo modo, intentade facer unha descrición do compañeiro ou compañeira do voso equipo co que intercambiastes a foto. Non paredes de intercambiar as estampas, ata que non vos describan tal e como sodes por dentro. É moi importante que a descrición repare, pois, na vosa personalidade e maneira de ser máis que no voso aspecto externo. Para facelo, podedes tomar como modelo o relato.

- Cando xa teñades a descrición que vos convenza e vos coñezades mellor entre vós, imaxínade que debedes facer o mesmo que procurastes individualmente como grupo. Como se tivésedes que posar para a portada dun grupo musical, buscade unha imaxe vosa que vos defina como conxunto. Cando a atopedes, pedide que vos saquen unha fotografía e, máis tarde, coordinádevos para escribir un lema, un título e un manifesto que vos defina como grupo.

- **Proxecto final:** agora que temos as imaxes e os textos, tanto individuais como colectivos, cómpre animalos, que saian do seu estatismo. O proxecto final consistirá, primeiro, en presentar as vosas investigacións e o argumento ante o resto da clase. Pero, despois, en partir dun *Tableau*, é dicir, un cadro ou imaxe, viva, un “mannequin challenge” no que berredes o lema que vos define para mostrar ante o resto da clase. Desde esa estampa feita cos vosos propios corpos, conxelados, movédevos a un punto para facer a vosa pose individual e ler o texto co que vos definiron os compañeiros e compañeiras.

- Especificando un pouco máis a dramaturxia desa intervención escénica, podemos sistematizar os seguintes pasos:

§ Poñede un tema de Patti Smith que vos gustara e, mentres soa, ide formando o voso “Mannequin challenge” baseado na fotografía que vos definía como grupo. Sen movervos, pronunciade o voso lema ou algúns fragmentos do manifesto de maneira que apoiades verbalmente a imaxe que estades dando de vós mesmos ante o resto de compañeiros e compañeiras.

§ De un en un, avanzade ata un foco de atención diferente á imaxe colectiva, saíndo desta para adoptar a vosa postura individual elixida para a imaxe que vos define a cada un ou unha e pronunciade, tras memorizala e adaptala, a descrición final coa que vos quedastes das que vos fixeron os compañeiros. Logo volve ao “mannequin challenge” e que saia o seguinte.

§ Cando xa saírades todos, mantede o tableau un momento, volve pronunciar o lema que vos define como grupo, que alguén volva prender a música e desfacede a imaxe mentres soa a canción, para que quede un remate escénico ben pechado e completo.

5.2 SÓ TAMBOR (P. 17-20)

a) Despois de ler o relato, volve á páxina 19 e fíxate nas dúas referencias que se citan: o escritor de Mozambique José Craveirinha e o artista galego Fran Pérez Narf. Este último musicou os versos do poeta citado nun coñecido tema: “Quero ser tambor”. Consulta en internet o texto de Craveirinha, co mesmo título e a versión musical de Narf. Cando procures esa versión, atoparás



de seguro algún vídeo das viaxes do cantor galego a Mozambique. Gústache como se adapta a música ao fragmento literario versionado?

b) Se volves sobre esa páxina 19, comprobarás que o protagonista do relato, Filipe, ao falar por teléfono coa súa familia de Mozambique acaba por contarlle, con entusiasmo, o descubrimento de que o artista galego Narf colaboraba con xente do seu país de orixe. Céntrate agora en buscar esas relacións entre Narf e a banda mozambicana Timbila Muzimba, así como os proxectos que derivaron de tal unión (Bumba, *Da Zigala a Zemambiquo*, etc). Fíxate tamén nas homenaxes que os membros dese grupo fixeron nos últimos días de vida do artista galego e tras a prematura morte do mesmo. Hai varios vídeos que o mostran: describe que che suxiren.

c) Nas túas investigacións anteriores, de seguro te fixarías que unha das estreitas relacións entre Galicia e Mozambique se produce, ademais da esencia de toda cultura con raíz, a través da lusofonía, pois a lingua oficial do país africano é o portugués, idioma que ten sido un co noso na Península Ibérica. Artistas como Narf e Uxía Senlle, que colaboraron xuntos durante moitos anos e que sacaron unidos varios proxectos, realizaron sempre propostas musicais que reforzaron esa ponte. Tendo iso en conta e indagando algo máis sobre o tema, que opinión che merece a seguinte declaración da cantante Uxía sobre o seu compañeiro Narf?:

“Narf representa en si mesmo a arte do encontro, da conversa musical e do respecto polo outro e a súa cultura, polo noso en conexión co mundo” (...)

“Moitas grazas pola maxia, por ensinarnos a sabiduría dun músico que se redescubriu na escala da timbila, que nos fixo apreciar que nada é branco, nada é negro, que temos que buscar o latexo primeiro, aquel que nos fai voltar ao Sul. Grazas por botar a voar a voz tribal e verdadeira do noso canto e por enchernos o peito de amor coa arma máis poderosa, a música, que nos une nunha mesma danza enérxica e telúrica que mata os males e invoca a vida para sentila, tocala, bailala. Arethwa! Árdelle o eixo!”¹

Realiza un texto argumentativo onde expoñas, con fundamento, as túas opinións.

d) Marcade nun Mapa Mundi mudo os países lusófonos e aproveitade tamén o documento cartográfico para fixarvos e comentarlle aos compañeiros e compañeiras durante a exposición do voso traballo as distancias que percorren moitos inmigrantes africanos para chegar a Europa na procura de traballo, igual que fai Filipe, o protagonista do noso relato.

Organizade a información derivada destas cuestións iniciais de maneira que poidan serviros como guión cando lles presentedes o proxecto aos compañeiros e compañeiras da aula que non afondaron tanto neste relato. Dese xeito, antes de presentar o voso proxecto podedes sintetizar o argumento do relato que vos tocou, poñerlles aos vossos compañeiros algunhas das cancións que descubristes e falarlles do que aprendestes durante a investigación aquí proposta.

PROXECTO

- Tomando como referencia o grupo de Mozambique Timbila Muzimba e a tradición africana da que proceden, ides ensaiar o recitado de “Só tambor”, cantado, percutido ou só con palabra, como vos sintades máis cómodos e cómodas, na mesma disposición semicircular que os músicos do Mozambique.

1. Fonte: <https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/cultura/2016/10/31/span-langlnarf-perola-da-zigalaspan/0003201610H31P26991.htm>

- Cando teñades interiorizado o recitado do poema de xeito grupal, coa esencia tribal e te-lúrica precisa, ides ir intercalando as diferentes partes do relato escenificadas no medio da expresión colectiva dos versos de Craveirinha.

- Fixádevos en que o relato se organiza igual que as partes dun combate de boxeo (*Round 1, 2, 3 e Knockout*). Servídevos diso para dividir a posta en escena do relato. Reparede en que no *Round 1* relátase primeiro o que acontece nun autobús, que se pode facer saíndo do círculo inicial con diferentes cadeiras dispostas de maneira que se identifiquen co interior do transporte citado. Outra opción é centrarse tamén ou só no bar onde un dos personaxes relata o que aconteceu no Noitebus. As mesmas cadeiras en distinta posición poden representar o interior da cafetería.

- En calquera caso, nesta escena, como nas seguintes, os personaxes rematan eludindo responsabilidades sobre o acontecido e marchando. Por iso é tan pertinente volver ao círculo de cada vez.

- O mesmo exemplo expresado aquí vale para as seguintes escenas. O importante é que a escena non sexa moi complexa a nivel escénico para que o cambio ata o centro do círculo mentres a tribo deixa de recitar por un momento resulte dinámico.

- Na mesma liña é importante ter en conta que cómpre cambiar a persoa gramatical do relato á primeira en todos os casos porque son os propios personaxes os que falan no ámbito teatral.

5.3 OE, COMO VAI? (P. 31-33)

a) Despois de ler o conto, repara de no cambio de ritmo narrativo que se produce cando Alba, a protagonista, atopa á compañeira de viaxe cubana no autobús. Vimos dun *tempo* frenético, que contribúe á atmosfera de agobio que produce na vítima de xénero escapar do seu maltratador e chegamos a un ambiente caribeño, máis calmo, cando empeza a sentir a protección e compañía doutra muller. Poderíades explicar esa evolución extraendo exemplos concretos do texto que reforcen o que expoñedes?

b) Ampliade a información sobre dúas das referencias que aparecen no relato: o libro *El reino de este mundo*, do escritor cubano Alejo Carpentier e a canción “Oye, cómo va?”, un mambo -ritmo orixinario de Cuba- en versión de Santana e de Celia Cruz. Escóitao e relaciona ambas referencias co exposto sobre o ritmo narrativo na pregunta a.

c) Alba, a protagonista, foxe da situación de malos tratos aos que o ten sometida a súa parella. Por desgraza, este é un tema en constante actualidade. En grupos, consultade estatísticas de casos de violencia de xénero recentes e realizade unha análise dos datos consultados. Reparede tamén en posibles saídas e en campañas oficiais de protección a persoas que sofren ese tipo de situacións.

d) Unha ferramenta que pode resultar moi útil para traballar situacións de opresión e reconducilas mediante a dramatización é o Teatro do Oprimido. Esta corrente pedagóxica deriva da adaptación das teorías educativas de Paulo Freire por Augusto Boal. Investigade en que consiste e mirade tamén un exemplo actualizado e adaptado á ESO no libro *Aulas sen paredes*.



PROXECTO:

- Se te fixas, todo o relato transcorre nun autobús. Por tanto, a nosa escenografía vaise axustar, xustamente, á distribución espacial que hai no interior dese medio de transporte. Colocaremos tantas cadeiras como persoas haxa, de dúas en dúas e unhas detrás doutras. Na primeira viaxarán os dous protagonistas da escena de Teatro do Oprimido que se desenvolverá colectivamente.

- Imos partir do suposto de que un dos membros do grupo vai exercer sempre de opresor e será quen sente no asento da esquerda. Este contará cunha soa intervención en cada intercambio. Na primeira será a oprimida quen conteste pero, logo, poderá erguerse da cadeira calquera das persoas que viaxan detrás en defensa da vítima. Por cada unha das participacións dos pasaxeiros que actúan de oprimidos, haberá unha resposta por parte do opresor.

- Esas dúas partes iniciais serviránnos como adestramento para, desde a improvisación, ir realizando unha escena no que o conflito e os obxectivos dos personaxes son moi claros e concretos. A partir de aí, iremos fixando aqueles diálogos que nos parezan mellores para logo transcribilos, aprendelos e montar unha escena para presentar ante o resto da clase dentro do bus e coa estrutura exposta.

- Como saída e, para rematar a escena, xogaremos coa ficción de que o condutor do autobús poñerá de música “Oye, cómo va?”, como no relato, e os protagonistas, liberados, poderán acabar bailando. A maior concreción do que aconteza deberá determinala o propio grupo.

5.2 BAILANDO AS RÚAS (P. 81-86)

a) Despois de ler o conto, repara no fragmento en cursiva da páxina 86, onde un dos personaxes reflexiona sobre a presenza da literatura oral no século XXI. Que opinión lle merece a esa adolescente que escribe no foro a influencia de internet sobre esa tradición? Estadades dacordo con ela? Argumentade a vosa resposta.

b) Un feito incuestionable sobre ese mesmo fragmento e sobre o relato en xeral é que existen moitas versións da figura de Pepa a Loba na tradición oral galega. Investigade sobre a súa figura e expoñede algunhas das teorías máis consistentes. Existiu ou non? Que fazañas realizou? Que simboliza a súa figura? Algunha páxina web de interese, como a recoñecida “Galicia encantada” daránvos algunhas respostas.

c) Coñeces algunha lenda da vosa zona? Realizade unha pequena investigación, a poder ser, de recollida oral e logo contrastade o atopado co presente en libros e en internet. Opinades o mesmo que na resposta inicial á cuestión do apartado “a”?

d) O relato fai alusión ao grupo galego “A Banda da Loba”. Busca información sobre as cinco mulleres que forman ese grupo musical. Repara en que o título do tema sobre o que aquí se fala foi escrito pola mesma autora de Bonus track, polo que o proceso creativo realizouse de xeito circular: a Banda da Loba liu nun libro un poema de Rosalía Fernández Rial, pedíronlle a esta autora unha adaptación da letra ao ritmo de vals que querían construír e aí foron modificados os versos. Logo

diso, “A Banda da Loba” encargoulle un videoclip sobre esa canción ao cineasta Alfonso Zarauza, co que os códigos, linguaxes, signos e incluso autores foron cambiando notablemente. Indaga sobre as e os artistas implicados nese proceso e escribe que opinión che merecen todas esas modificacións no proceso creativo; do individual ao colectivo e da expresión só escrita á súa mestura coa linguaxe musical, logo audiovisual e finalmente no seu regreso á literatura.

PROXECTO:

- Despois de ler o relato e tras ver o videoclip de “Bailando as rúas”, de “A Banda da Loba”, imos extraer a estrutura deste para crear unha proposta escénica. Se te fixas, as cinco músicas veñen andando por unha autoestrada, páranse a cantar no medio dela e volven marchar, “desaparecer”. Mais o proceso transformounas: viñan vestidas de branco e cando van en sentido contrario, ao rematar, saen de negro. Ese cambio está cheo de simbolismo, posto que son dúas cores contrarias e predominan na autoestrada.

- O grupo vai formar colectivamente, cos seus corpos unha imaxe estática, unha “fotografía” conxelada, é dicir: un tableau sobre algo que lle aconteceu esa noite antes de desaparecer. O tema é libre. A única condición é que aconteza algo nesa estampa que leve ao grupo a transformarse.

- A partir dese tema e imaxe central, o grupo pensará dous versos que completen “Nós as catro² bailando as rúas / ata desaparecer”. Eses catro versos formarán o refrán, a ladaíña que repetirán ao ir e ao volver a formar a imaxe estática.

- Baseándose nesa temática e imaxe central conxuntas, cada persoa escribirá catro versos individuais nos que expoña como se sentiu durante ese suceso da imaxe. Unha vez que o tableau se forme, cada un dos membros, sairá da súa postura conxelada, de un/ha en un/ha, para expresar os seus catro versos individual e regresará á imaxe colectiva.

- A estrutura escénica, por tanto, do produto final é a seguinte: o grupo aproxímase camiñando e recitando conxuntamente os catro versos que empezan co refrán xa dado (“Nós os 4/5/6 bailando as rúas / ata desaparecer”), logo formará o tableau, que quedará estático. Desá imaxe conxelada, cada persoa vai describindo como se sentiu durante o acontecido e volverá á súa postura dentro do conxunto. Finalmente, marcharán, transformando o paso, a actitude ou o que consideren, mentres recitan, “Nós os 4/5/6 bailando as rúas / ata desaparecer” e desaparecen.

5.5 A MAIS LINDA (P. 121-128)

a) Despois de ler o conto, reparaide en como a letra da canción de Mercedes Peón se vai tecendo ao longo do relato e formando parte del. Poderíades explicar o papel que xogan os versos dese tema no transcurso do argumento e como se vai introducindo en diferentes momentos do relato?

2. Ou cinco, ou o número de persoas que conformen o grupo.



b) O tema “Ben linda”, do disco *Sihá* de Mercedes Peón está pendurado en internet en diferentes vídeos na plataforma Youtube. Algúns deles, como poderedes comprobar, son directos de grandes festivais internacionais de música. Investigade algo máis sobre a artista Mercedes Peón e expoñede como no tema “Ben linda” e noutros que vós elixades se mesturan o tradicional coa vangarda e o experimental, tanto no que atinxe ás letras como á música ou a posta en escena. Que vos parece que aporta esa mestura entre modernidade e tradición á arte? Ocorrénevos outros exemplos en calquera disciplina artística que tamén mesturen ambas vertentes?

c) Escoitade en youtube a seguinte canción de Mercedes Peón: <https://www.youtube.com/watch?v=685Cb60KRHO> . Fixádevos en que repite varias veces a frase “a esperanza ten a faciana de muller” e a palabra “Implicadas”. Este último termo dá nome a unha ONG formada por escritoras, artistas e intelectuais galegas que cren na igualdade de xénero como fundamento para o desenvolvemento do ser humano. Realizade unha pequena investigación sobre o traballo que fan. Esta é a súa páxina web: <http://www.implicadas.net/implicadas/>

d) Reparede en que o relato narra como a protagonista grava a súa historia e esta repercute en diferentes nenas e mozas que se atopan en idéntica situación en moi diferentes lugares do mundo. Realizade unha reflexión sobre o alcance que pode ter internet como ferramenta para a unión e a coperación entre persoas que se atopan en situacións difíciles e ou que se pretenden unir e axudar entre si. Collede exemplos semellantes aos do conto para ilustrar a vosa explicación.

Proxecto:

- Se te fixas, a moza protagonista do relato “a máis linda” excuta algunha acción ante a cámara de maneira artística. Senta, dálle a gravar, realiza algunha acción coherente co monólogo que vai relatar a continuación e dispónse a contar a súa historia. Esta vaina tecendo con diferentes fragmentos dunha canción coherente co argumento e, por último, outórgalle un peche que actúa como conclusión da peza audiovisual.

- Tal e como se comenta no relato, ese vídeo é presenciado por diferentes nenas en distintos lugares do mundo e incide nelas para tomar unha decisión

- O proxecto asociado a este relato ha de tomar como exemplo ese proceso para inventar outro monólogo ficticio sobre o tema da violencia de xénero e o maltrato infantil. Para iso, debes distribuír os papeis e as tarefas entre os diferentes membros do grupo. É dicir, aínda que unha persoa actúe como protagonista do vídeo, o guión ha de ser escrito por todas as persoas, igual que o monólogo e a organización da escena.

- En resumidas contas, precisaredes: guionistas, actrices e/ou actores, cámaras e persoas que se encarguen das tarefas de produción como conseguir un lugar onde gravar ou os elementos necesarios para realizar o audiovisual.

- Finalmente: despois de proxectar o traballo ante o resto de compañeiros e compañeiras na aula, debes escenificar a incidencia dese vídeo en diferentes persoas, que seredes vós mesmas na aula. É dicir: o vídeo realizado pola protagonista do relato “A máis linda” remata influenciando a diferentes nenas para realizar determinada acción semellante á da protagonista mentres están sentadas no ordenador vendo e escoitando o monólogo de quen se grava. Na aula, vós seredes esas

persoas vendo o vídeo e remataredes a proxección argumentando por que levaredes a cabo o mesmo acto liberador que o personaxe do vídeo.

6. PISTA SEIS: ESCRIBIR UN RELATO INDIVIDUAL AO MODO BONUS TRACK

Como conclusión desta proposta didáctica e despois de realizar e escoitar os traballos colectivos do conxunto da aula, imos agora cunha pequena tarefa final individual, para asimilar as reflexións realizadas en grupo. Como non podía ser doutro xeito, animámosvos a que elixades unha das cancións traballadas anteriormente, a que máis vos guste, e a que, seguindo o modelo dos relatos de *Bonus track* tratados, escribades cada un e cada unha de vós un conto “tecido con letras de cancións”.

Finalmente, corrixídeos entre todos e reunídeos nun volume. Agora si: xa tedes o voso propio *Bonus track*.

